



## **MODIFICACIÓNS DO ACORDO DE 1 DE ABRIL DE 2008 SOBRE AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO PERTENCENTE AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DA XUNTA DE GALICIA QUE PRESTAN SERVIZOS NO SPIF**

### **RÉXIME E PRESTACIÓN DE SERVIZO**

1.- O mes adicional decidirao a Dirección Xeral competente en materia de incendios forestais e poderá fraccionarse como máximo en dous períodos de 15 días. O inicio de cada un destes períodos adicionais anunciarase con tres días de antelación, sempre que as circunstancias o permitan.

### **XORNADA DE TRABALLO**

1.- A xornada máxima anual de prestación efectiva de servizos é a que ten o resto do persoal empregado público da administración xeral da Xunta de Galicia, que actualmente se fixa en 1.665 horas, sen prexuízo de que se habiliten xornadas inferiores.

2.- O persoal técnico terá dereito ás seguintes compensacións por cada hora, dentro da garda localizable realizada en período extraordinario, na que o persoal técnico sexa activado, mesmo telefonicamente, ata a finalización desta activación, da cal debe quedar constancia no correspondente libro de actas do centro de coordinación:

- Ata chegar á xornada máxima anual, cada hora de activación anterior será contabilizada como 1,5 horas.
- A partir da superación da xornada máxima anual, os traballadores terán dereito a unha compensación con 1,5 horas de descanso en xornada ordinaria, que poden ser desfrutadas ata o mes de xaneiro do ano seguinte.

### **RÉXIME E HORARIO EN PERÍODO EXTRAORDINARIO**

1.- Co fin de garantir a continuidade dos procedementos administrativos iniciados pola DX de Defensa do Monte ou pola DX de Planificación e Ordenación Forestal, que se estean tramitando no inicio do período extraordinario o persoal técnico:

- Ao longo dunha xornada de garda, en caso de que as condicións o permitan, realizará tarefas ordinarias. Se a actividade ordinaria supón que é necesario abandonar o centro de coordinación, poderán facelo coa autorización previa do Xefe de Garda.

2.- O persoal técnico poderá cambiar a quenda de garda con outro/a compañeiro/a, sempre que se garanta un descanso obrigatorio de 24 horas dende a finalización dunha quenda de garda ata o comezo da seguinte.

Para os cambios de quenda é necesario ter en conta o número máximo de gardas establecido no acordo.

Será necesaria a autorización previa do xefe de garda do Centro de Coordinación, que poderá denegar o cambio con causas xustificadas.



3.- Os Xefes/as de Distrito gozarán dun período de descanso mínimo de 12 horas continuadas entre a finalización dunha garda presencial e o inicio dunha nova quenda de traballo.

4.- No caso de que sexa preciso habilitar un quinto mes de período extraordinario, será declarado pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica a proposta do titular da Dirección Xeral de Defensa do Monte, en función da posible actividade incendiaria. A activación deste quinto mes de período extraordinario será anunciado cunha antelación mínima de tres días, sempre que as circunstancias o permitan.

Este mes poderá fraccionarse en quendas de 7 días. As quendas de gardas que se realicen polo persoal serán voluntarias e compensaranse economicamente.

As quendas de gardas que se realicen polo persoal serán voluntaria e compensaranse economicamente mediante gratificación por servizos extraordinarios.

## **VACACIÓNS**

1.- O persoal técnico poderá desfrutar das vacacións ao longo do mes de agosto, en función das necesidades do servizo. As solicitudes deberán tramitarse coa antelación mínima de un mes á data de inicio, co fin de que o Xefe/a de Garda poida fixar o correspondente cuadrante.

2º.- Os xefes de Distrito gozarán de dous días libres de descansos continuados cada semana durante o período ordinario e o período extraordinario. Así mesmo poderán gozar de ata 10 días hábiles de vacacións, distribuídos en dous períodos de 5 días, que non poden ser consecutivos, nos meses de xullo e/ou setembro en función do cuadrante de vacacións que se estableza no correspondente centro de coordinación provincial.